

OURENSE, A VINTE E DOUS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

XUÍZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 34-2025 / TEMPADA 2025-26

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

COMPETICIÓN: LIGA GALEGA ABSOLUTA MASCULINA DH 25_26 (Xornada 1)

EQUIPOS PARTICIPANTES: REAL C. NÁUTICO DE VIGO - C. W. CORUÑA RÍAS ALTAS

DÍA/HORA: 19/10/25; 19:00 h

FEITOS

PRIMEIRO.- O día 20/10/25 foi remitida a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados pola parella arbitral do encontro. No anexo, textualmente, recóllense os seguintes feitos:

*"No minuto 4:27 do 4º período expúlsase definitivamente con substitución disciplinaria ao xogador visitante nº 6, **GABRIEL RIOBO JUEGA**, por protestar reiteradamente as decisións arbitrais, despois de ter sido expulsado previamente."*

SEGUNDO.- Deuse trámite de audiencia ao xogador o día 21/10/25, non presentándose alegacións dentro do prazo concedido.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade *iuris tantum* que non foi desvirtuada.

SEGUNDO.- De acordo co artigo 5.3.3 da **Normativa Xeral de Waterpolo FEGAN** (Circular 25-43, tempada 2025-26), a **primeira expulsión definitiva** dun xogador constitúe infracción disciplinaria sancionable con **1 partido de suspensión**.

TERCEIRO.- Os feitos descritos son constitutivos dunha infracción disciplinaria leve por protestas ás decisións arbitrais, prevista no Réxime Disciplinario da Federación Galega de Natación.

RESOLUCIÓN

Imponse a **GABRIEL RIOBO JUEGA**, xogador do **C. W. CORUÑA RÍAS ALTAS**, por infracción leve derivada de expulsión definitiva no encontro referido, a seguinte **SANCIÓN: SUSPENSIÓN POR UN (1) PARTIDO** de conformidade co disposto no artigo 5.3.3 da Normativa Xeral de Waterpolo FEGAN e demais disposicións concordantes.

Notifíquese ao interesado e ao seu club, advertindo que contra esta resolución cabe interpoñer recurso de apelación no prazo de **48 horas** ante o Comité de Competición da FEGAN, conforme o previsto na normativa vixente.

Xuíz Único Comité de Competición da FEGAN

José Antonio Nóvoa

Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Firmado dixitalmente